

O presente documento estará  
 exposto no Taboeiro de  
 Anuncias desta Deputación  
 desde o día 01-05-2023  
 ata a día 01-06-2023  
 O XEFE DA UNIDADE  
 PORTERÍA E VIXANCIA

*(Handwritten signature)*

### Anuncio

**NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, UNHA (1) PRAZA DE ATS, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS MEDIOS/AS, GRUPO A - SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO -OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 abril de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*"As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoca a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas oferta de emprego público, acceso libre (cota xeral ou cota discapitados) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de ATS da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos/as medios/as, grupo A - subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 145, do 27 de xuño de 2022, corrección erros bases específicas BOP núm. 204, do 06 de setembro de 2022.*

*Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10.1, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5.1, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionaria de carreira a:*

***Dona María José Ferreiro López, para ocupar a praza número 423, denominada ATS, escala administración especial, subescala técnica, técnicos/as medios/as, grupo A - subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, adxudicándolle o posto de traballo denominado ATS entrada número 1760, adscrito ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais".***

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 25 de abril de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1283

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 01-05-2023  
ata a día 01-06-2023  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXANCIA

